# Ruta A Cabana








## DESCRIPCIÓN DA RUTA

Trátase dun percorrido agradable duns 3 km pola zona rural de Ferrol. Acompáñase na ida coa marxe do río de Valón Vello e á volta o de San Antonio, polo que a vexetación é abundante e variada, sendo, xunto có sendeiro da Fraga de Menáncaro, unha ruta coa que se disfruta dunha riqueza forestal autóctona maior. Ademais o sendeiro está franqueado por numerosas mostras de arquitectura etnografía e popular, empezando pola propia Capela de San Antonio e continuando por lavandeiros e un muíño en estado ruinoso. A dificultade é baixa e aínda que o percorrido é en parte por carreteiras son de moi baixa afluencia de tráfico e non representan perigo ningún para o camiñante. A duración aproximada é dunha hora.